

ANEXO V

OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS		ORDE	
ENTIDADE LOCAL	OBRA/EQUIPAMENTO	ACORDO DE ADXUDICACIÓN	
ADXUDICATARIO			NIF
PRAZO DE EXECUCIÓN	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA %

IMPORTE FINANCIAMENTO	XUNTA	ENTIDADE LOCAL	OUTROS	TOTAIS

Certificación nº \_\_\_\_\_ data da certificación \_\_\_\_\_  
 D/Dª. \_\_\_\_\_  
 Director da obra de referencia

**CERTIFICO:**  
 Que as obras realizadas polo contratista adxudicatario e que se xustifican na correspondente relación valorada importan a cantidade líquida de \_\_\_\_\_ €.

LÍQUIDO QUE SE CERTIFICA	LÍQUIDO ABOADO ANTERIORMENTE	PENDENTE

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O DIRECTOR DA OBRA

Asdo.:

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Corrección de erros.-Orde do 18 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da integración da prevención de riscos laborais nos sistemas de xestión das empresas mediante a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas e empresariais máis representativas a nivel intersectorial e/ou sectorial.*

Advertidos erros na Orde do 18 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da integración da prevención de riscos laborais nos sistemas de xestión das empresas mediante a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas e empresariais máis representativas a nivel intersectorial e/ou sectorial

(DOG nº 78, do 25 de abril), cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 6.850, artigo 2º.1. Beneficiarios e requisitos destes, engádesse o seguinte parágrafo: «Tamén poderán ser beneficiarios das axudas, de conformidade co disposto no artigo 11.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro que terán igualmente a consideración de beneficiarios».

Na páxina 6.851, artigo 4º.3, onde di: «a data máxima de remate de contrato é a do 31 de outubro de 2005», debe dicir: «a data máxima de remate do contrato é a do 31 de decembro de 2005».

Na páxina 6.851, artigo 6º.3, onde di: «a data de remate para todas as contratacións é a do 31 de outubro de 2005», debe dicir: «a data de remate para todas as contratacións é a do 31 de decembro de 2005».

*Resolución do 4 de marzo de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da táboa salarial para o ano 2005 do convenio colectivo da empresa Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (Star, S.L.).*

Vista a acta da táboa salarial para o ano 2005 do convenio colectivo da empresa *Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (Star, S.L.)*, con nº de código 3603862, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 16-2-2005, subscrita pola comisión negociadora do convenio O 1-2-2005. De conformidade co disposto no artigo 13 do convenio colectivo e no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que está nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 4 de marzo de 2005.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado provincial de Pontevedra

#### ACTA

Asistentes

Comité de empresa *Star, S.L.*

Ana Faginas Bastos  
Mª Cruz Varela Jorge  
Mar Carpintero Do Canto  
Ana Ballesteros Álvarez

Xerente da empresa *Star, S.L.*  
Ángel González Barciela

En Vigo, ás 10.30 horas do día 1 de febreiro de 2005, reúnense nas oficinas de *Star, S.L.* situadas na r/ Celso Emilio Ferreiro o comité de empresa e a dirección desta para a revisión anual do convenio colectivo da empresa.

Aberta a sesión e de acordo co artigo 13 do vixente convenio colectivo para a empresa, procede que o incremento para o ano 2005 será o correspondente ao que fixe o IPC real de 2004 máis 0,25. Co que a subida para o ano 2005 será dun 3,45% en todos os conceptos salariais.

Por tal motivo procédese á elaboración da táboa salarial anexa que se asina en proba de conformidade.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12.15 horas do día e no lugar indicados, do cal as partes dan fe.

Xerente da empresa *Star, S.L.*

Comité de empresa *Star, S.L.*

TÁBOA SALARIAL 2005

Categorías	Bruto mes	Bruto ano
-Persoal técnico		
Titulado superior	1.148,45	16.078,3
Titulado non superior *	1.025,52	14.357,28
Director de fabricación	964,24	13.499,36
Encargado xeral	921,91	12.906,74
-Persoal administrativo		
Xefe de administración	1.066,85	14.935,9
Xefe sección admón.*	1.180,18	16.522,52
Oficial administrativo 1ª	909,61	12.734,54
Oficial administrativo 2ª	861,55	12.061,7
Auxiliar administrativo	737,52	10.325,28
Telefonista	733,4	10.267,6
-Persoal de comercialización		
Director de vendas *	834,72	11.686,08
Vendedor	826,59	11.572,26
-Proceso de datos		
Operador	828,05	11.592,7
Programador	839,09	11.747,26
-Fabricación		
Especialista de fabricación *	761,37	10.659,18
Oficial de 1ª de fabricación	757,58	10.606,12
Oficial de 2ª de fabricación	753,81	10.553,34
Limpador/a	713,29	9.986,06
-Mantemento-oficios varios		
Oficial 1º mecánico *	807,9	11.310,6
Oficial 2º mecánico *	782,21	10.950,94
Oficial 3º mecánico *	767,4	10.743,6
Oficial 1º electricista *	807,9	11.310,6
Oficial 2º electricista	782,21	10.950,94
Oficial 3º electricista *	767,4	10.743,6
Especialista cámaras e almacén	789,5	11.053
Conductor	813,9	11.394,6
Vixilante	827,87	11.590,18

Nota: no bruto anual van incluídas as dúas pagas de xullo e decembro